

PROGRAMA DO CURSO: A IGUALDADE DE XÉNERO NA AXENDA PARA O DESENVOLVEMENTO

LUNS, 11 DE SETEMBRO DE 2017

TEMA: “ECONOMÍA, XÉNERO E DESENVOLVEMENTO. ENFOQUES E ESTRATEXIAS PARA A XUSTIZA SOCIAL/DE XÉNERO”

16:00-18:00h: Conferencia: “A AXENDA 2030 DESDE UNHA PERSPECTIVA FEMINISTA”. Ponente: Julia Espinosa Fajardo. Doutora en Ciencias Políticas e Profesora asociada na Universidade Pablo Olavide (Sevilla).

18:00-20:00h: Taller: “AVALIACIÓN DE XÉNERO DESDE O ENFOQUE DE DEREITOS HUMANOS NOS PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO”. Ponente: Anabel Santos Castro. Técnica experta en cooperación e xénero na Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI). Facilitadora en procesos de empoderamento desde unha perspectiva de xénero.

20:00-21:00h. Actividade. “UNHA APROXIMACIÓN AO COMERCIO XUSTO COMO AXENTE DE DESENROLO”. Solidariedade Internacional Galicia.

MARTES, 12 DE SETEMBRO DE 2017

TEMA: “A CONSTRUCCIÓN DE INDICADORES IGUALDADE DE XÉNERO NOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO”

16:00-20:30. Taller: ¿PODE MEDIRSE A IGUALDADE DE XÉNERO NOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN?. Clara Murguialday Martínez. Economista feminista e consultora en xénero e desenvolvemento.

MÉRCORES, 13 DE SETEMBRO DE 2017

TEMA: “A COMUNICACIÓN SOBRE A COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO EN CLAVE FEMINISTA?”.

16:00-18:00h: Conferencia: “¿CÓMO REALIZAR UNHA COMUNICACIÓN FEMINISTA EN TEMAS DE COOPERACIÓN? Andrea Luque. Comunicadora social, especialista en xénero e xestión de proxectos de educación e cooperación para o desenvolvemento.

18:00-20:00h: Conferencia: COMUNICACIÓN E REDES POLO EMPODERAMENTO DAS MULLERES EN HONDURAS. Daysi Yamileth Flores Hernández. Coordinadora de JASS-Honduras. Experta en seguridade e redes social. Activista Feminista.

XOVES: 14 DE SETEMBRO DE 2017

TEMA: A RELACIÓN ENTRE MIGRACIÓNS E (CO)DESENROLO E O PAPEL DAS ONGD NA LOITA POLA IGUALDADE DE XÉNERO: EXPERIENCIAS DE INTERVENCIÓN FEMINISTA.

16.00-19:00h. Mesa Redonda: DIÁLOGOS CRUZADOS. AQUÍ E ALÉN. AS PRESENCIAS E AS AUSENCIAS NAS MIGRACIÓNS E A COOPERACIÓN CON CABO-VERDE E SENEGAL. Luzía Oca (Profesora de Antropoloxía na Universidade de Trás-Os-Montes, Portugal), Iria Vázquez Silva (Profesora de Socioloxía na Universidade de Vigo) e Andrea Souto García (Especialista en xénero e migracións e membro do Centro de Estudos de Xénero e Feministas da UDC).

19:00-20:30h. Mesa Redonda. EXPERIENCIAS DE INTERVENCIÓN FEMINISTA DAS ONGD GALEGAS. Enxeñería Sen Fronteiras-Galicia, ONG Implicadas polo Desenvolvemento, ONG InteRed Galicia, a Coordinadora Galega de ONGD e a Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da Universidade da Coruña.

RELACIÓN DE INTERVINTES CO SEU CURRÍCULO, PERFIL ACADÉMICO E ADECUACIÓN Á MATERIA

Anabel Santos Castro. Licenciada en Ciencias da Educación, experta en Xénero, Desenvolvemento e Formación “Ámbito local, autonómico, central e internacional”-Cooperación ao Desenvolvemento-. Formadora en proxectos de coeducación, en competencia social en institutos de ensino secundario, en talleres de xénero universitarios e mestrados sobre xénero e políticas públicas. Facilitadora de procesos de empoderamento desde unha perspectiva de xénero. Representou ás mulleres mozas de Canadá, EEUU e Europa no pleno do “Diálogo Interxeneracional do Foro de Pekín”. Antes de chegar alí participou no encontro preparatorio de Viena e no desenrolado en Beirut. Técnica experta en cooperación na Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI).

Julia Espinosa Fajardo. Profesora asociada na Universidade Pablo de Olavide (Sevilla). Doutora en Ciencia Política -Relacións Internacionais- e Socióloga pola Universidade Complutense de Madrid. Investigadora, avaliadora e experta en xénero y desenvolvemento en América Latina e en Europa. Docente en diferentes cursos de posgrao impartindo sesións sobre avaliación de políticas públicas, cooperación ao desenvolvemento e igualdade de xénero en diversas Universidades (Universidade Complutense de Madrid, FLACSO-Arentina, Universidade Internacional de Andalucía, Universitat Oberta de Catalunya, etc.). Na actualidade, participa no proxecto de investigación europeo GENOVATE como parte do equipo da Universidade Complutense de Madrid; investigadora asociada do Observatorio de Xénero sobre Economía, Política e Desenrolo da Universidade Pablo de Olavide (<http://genderobservatory.com/>). Asimismo, coordinou o ‘Gender and Evaluation’ Thematic Working Group da European Evaluation Society. É membro da RELAC (Rede de Seguimento, Avaliación e Sistematización de América Latina e do Caribe).

Clara Murguialday Martínez. Economista feminista. Consultora en xénero e desenvolvemento. Vinculada aos movementos feministas centroamericanos. Traballou na Oficina de Cooperación ao Desenvolvemento da Universidade do País Basco (2001-2009) e integrou o grupo de Expertos e Expertas do Consello de Cooperación ao Desenrolo do Estado Español (2005-2009). Desde 1980 ata 1998 viviu en Nicaragua, República Dominicana, Uruguai e O Salvador. Publicou entre outras publicacións: “Avanzando na equidade de xénero na xestión comunitaria da auga” e “Un paso máis: avaliar o impacto de xénero”.

Andrea Luque. Responsable do Departamento de Comunicación da Asociación Solidaria Andaluza de Desenvolvemento (Granada).

Daysi Yamileth Flores Hernández. Coordinadora en Honduras del JASS, ONG internacional destinada a contruir a igualdade social desde o feminismo. Ingeniera civil, experta en comunicación e redes sociais. Activista medioambiental e defensora dos dereitos humanos. É cofundadora do “*Young Women’s Network of Honduras*”. É

membro do grupo “Feministas en Resistencia” que se opuxo ao golpe militar en Honduras no 2009. Tamén é membro de Las Petateras e da National Network of Women Human Rights Defenders en Honduras.

Luzia Oca Rodríguez. Profesora de Antropoloxía na Universidade de Trás-Os-Montes (Portugal) desde 2004. Doutora en Antropoloxía Social na Universidade de Santiago de Compostela coa tese: “Caboverdianas en Burela (1978/2008). Migración, relación de xénero e intervención social”. É investigadora do Centro de Estudos Transdisciplinares para o Desenvolvemento (CETRAD). Recibiu o premio Vicente Risco de Ciencias Sociais en 2014.

Iria Vázquez Silva.